

# *Fai a túa marioneta!*



**Museo de Pontevedra**

*Para estes días nos que temos que quedar na casa, propoñémosvos unha actividade coa que pasaredes un rato agradable. Construíde as vosas marionetas tal e como fixeron as nenas e nenos que participaron no pasado obradoiro de Entroido no Museo inspirado na faceta como escenógrafo e autor de teatro de Castelao.*

*Constrúe as túas marionetas e representa a túa propia obra de teatro!*

*Aquí imos explicarvos como construír a marioneta. É moi sinxelo!*

### ***Materiais necesarios:***

- ✓ *Globos*
- ✓ *Cartón ou cartolina*
- ✓ *Papel de periódico ou vendas de xeso*
- ✓ *Cola branca*
- ✓ *Teas, pasamanería, adornos, fíos, la*
- ✓ *Pintura acrílica*
- ✓ *Tesoiras*
- ✓ *Pinceis*
- ✓ *Silicona (se tedes a posibilidade en lugar de pegar ou coser, pero usádea baixo a supervisión dunha persoa adulta!)*

***Paso 1:*** *Inflamos un globo pequeno e atámolo.*

***Paso 2:*** *Recortamos unha tira de cartón ou cartolina de 1,5 cm x 10 cm e con ela facemos un aro que poñeremos arredor do nó do globo. Serviranos como pescozo da nosa marioneta.*



*Paso 3: Cortamos papel de periódico en tiras de aproximadamente 2 centímetros de ancho e humedecémolas con coidado cun pouco de cola branca mesturada con auga e colocámolas arredor da cabeza e do pescozo ata facer varias capas uniformes. Ao final podemos poñer tiras dun papel fino de cor branca pero, se non tes, servirá o papel de cociña, e deixamos secar.*



*Unha vez que a cabeza estea seca, hai que pinchar o globo e retiralo.*

*Paso 4: Collemos as teas que imos utilizar para facer o traxe da marioneta, copiamos o patrón e recortamos. Nós, propoñémosvos un patrón moi sinxelo que podedes utilizar como modelo.*

*Ollo! Cada peza do patrón hai que recortalo dúas veces, unha para a parte dianteira e outra para a parte traseira.*

*Paso 5: Pegamos (ou cosemos) a tea do traxe con coidado de deixar espazo para meter a man e para colocar despois as mangas e a cabeza.*

*Un consello para o pegado: Se podes, usa mellor silicona (chega cun pouquiño), pero se non tes podes utilizar pegamento.*





*Paso 6: Recortamos e pegamos ou cosemos as mangas do traxe deixando espazo para poder meter os dedos que moven os brazos. Para as mangas podedes utilizar un pouco de encaixe ou pasamanería, se tedes pola casa, en lugar de tea.*



*Paso 7: A continuación pegamos a parte decorativa: encaixe da camisa, botóns, panos, tirantes ou o que queirades.*

*Paso 8: Pintamos a cabeza da marioneta e pegamos o pelo de la.*


*Paso 9: Poñemos silicona ao redor do pescozo e pegamos a cabeza ao traxe e deixamos secar.*




*Xa tes a túa marioneta!*

*Paso 10: Agora inventa un conto ou unha historia e represéntaa ante a túa familia e a divertirse!*





Para as mangas podes  
usar un pouco de encaixe  
ou pasamanería en vez  
de tea.



Ao finalizar  
podes engadir  
a parte decorativa:  
tirantes, botóns,  
o pescozo da  
camisa...  
o que queiras!

Gustaríache  
poñerlle un  
volante, encaixe ou  
outro adorno na  
peza de vestir?  
Faino!



**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA

